

“Carnavalito”

Popular de Arxentina- Edmundo Zaldívar

(Adaptación Iván Suárez)

Instrucións

Disposición: A danza báilase formando unha fila no seu inicio, con todos os participantes collidos das mans. A persoa que ocupa a primeira posición será a encargada de dirixir o grupo, que avanzará marchando e intercalando saltos a ritmo da música.

A estrutura da danza estará composta de dúas seccións diferenciadas que se suceden de forma alterna e a modo de retrouso:

Frase A

Cunha posición agachada, comezamos sempre co pé dereito e repetimos a secuencia: cando o pé dereito avanza o esquerdo ocupa a súa posición, e o mesmo facemos co outro pé de maneira que semella que estamos rompendo o paso.

Frase B

Co cambio musical da nova sección, ergueremos a nosa postura e agora realizaremos ciclos de tres pasos: os dous primeiros en carreira e o terceiro será un “salto” no que subirmos o xeonllo dereito (e o esquerdo despois).